

MATERIA FRANCÉS  
PROFESOR/A M<sup>a</sup> Olga Recio Sánchez  
CURSO 2º ESO 2020-21



## CONTIDOS

- 1.<sup>a</sup> AVALIACIÓN: Repaso de 1º, unidades 0-1 do libro de Netex da plataforma dixital E-Dixgal (inclúese o non visto presencialmente o curso pasado)
- 2.<sup>a</sup> AVALIACIÓN: Unidades 2-3
- 3.<sup>a</sup> AVALIACIÓN: Unidades 4-parte da 5

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Presencial/semipresencial

Probas	Probas escritas/orais: -Comprensión oral e escrita -Expresión oral e escrita -Gramática, vocabulario, cultura	75%
Traballo e actitude	-Traballos para entregar, proxectos -Traballo diario: libreta, ordenadores, deberes... -Respecto, interese, esforzo, traer e coidar o material..	25%

Non presencial:

Se os medios o permiten e se poden garantir os requisitos inherentes a un exame, faranse algúns de xeito telemático, tanto de tipo oral coma escrito. Outros elementos da avaliación, como por exemplo a observación na clase, serán substituídos polo traballo. As porcentaxes serían 50% exames escritos (gramática, vocabulario, tradución...) e 50 % traballo entregado e actitude (fichas, libreta (foto), traballos de creación, probas orais, respectar prazos de entrega.....) Se as circunstancias cambiasen ou se ditasen novas normas, daríasele publicidade principalmente mediante E-Dixgal.

Haberá recuperacións trimestrais.

Para aqueles que non teñan aprobados todos os trimestres realizarase no mes de xuño unha proba global de recuperación (de contidos, polo tanto a súa porcentaxe será o 75%). A nota final será a media das tres avaliacións.

A nota de setembro será a do exame, que poderá abarcar as diferentes competencias lingüísticas, orais e escritas.

-Nos traballos contará a súa calidade, e non so o feito de telos entregado. Descontará se se entregan fóra de prazo. A libreta e os traballos serán persoais, non copiados.

-No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame e o profesor tomará as medidas

que estime oportunas.

-Cando un alumno falte a un exame e non traia xustificante da falta, o profesor non estará obrigado a repetirlo.

## **PLAN DE LECTURA ANUAL**

Hora de Ler

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...**

Tarefas empregando Internet e E-Dixgal